

Visto o expediente 167/2026, a instrutora do procedemento formula a seguinte proposta de resolución para a súa aprobación, se procede, pola Comisión da Transparencia.

Asunto: Reclamación en materia de acceso á información pública

Núm. Expediente: 167/2026

Interesado: -----

Organismo: Concello de Carballo

ANTECEDENTES

Primeiro. O 23.3.2026, a representación do interesado presentou ante o Concello de Carballo unha solicitude de acceso á información pública cuxo obxecto abrangúa os seguintes extremos:

- Información básica sobre o sistema de tratamento de augas residuais do municipio, indicando a instalación ou instalacións existentes, a súa denominación, localización, capacidade aproximada, poboación equivalente atendida e forma de xestión actual.
- Información básica sobre a estación potabilizadora (ETAP) ou sistema de potabilización do municipio, indicando a instalación existente, localización, capacidade aproximada, orixe da auga tratada e forma de xestión actual.
- Descrición básica do tipo de tratamento aplicado en cada caso, indicando, se é posible, as fases principais do proceso. En particular, solicítase indicar se na depuración existen procesos de pretratamento, decantación, tratamento biolóxico, tratamento terciario, desinfección ou reutilización, e se na potabilización existen procesos de filtración, decantación, cloración, desalinización, ósmose ou outros equivalentes.
- Indicación de se o Concello dispón de información básica sobre o control do funcionamento das devanditas instalacións, incluíndo caudal tratado, calidade da auga de saída, autorizacións de vertedura ou reutilización, controis analíticos periódicos e incidencias relevantes.

- Indicación da entidade que realiza actualmente a xestión do servizo, así como do órgano municipal ou responsable encargado da súa supervisión ou seguimento.
- Indicación de se nos dous últimos anos se realizou algún gasto, investimento, actuación, contrato, proxecto ou expediente relacionado con procesos de dixitalización.

Segundo. O 26.03.2026 o interesado recibiu a resposta do Concello á súa solicitude. Na citada contestación déixase constancia de que a petición procede dunha empresa privada aparentemente dedicada á venda de equipamentos para o tratamento de augas e que a información solicitada pode considerarse sensible ao requirir datos sobre as infraestruturas de abastecemento e depuración do municipio. Conclúese que a solicitude responde a fins comerciais e que a información pública dispoñible sobre abastecemento e saneamento xa pode consultarse nas plataformas do Ministerio de Sanidade (SINAC) e de Augas de Galicia, polo que non procede facilitar datos adicionais aos publicados nestas.

Terceiro. O 31.3.2026, o interesado presentou unha reclamación ante a Comisión da Transparencia de Galicia. De acordo co recollido na reclamación, o interesado dá conta da consulta efectuada nas plataformas ás que o remitiu o Concello en contestación á solicitude efectuada. Como resultado da consulta efectuada, o interesado accedeu á información que e indica de seguido:

- Identificación de tres redes de abastecemento diferenciadas.
- Non hai analíticas rexistradas en SINAC dende o ano 2020 nunha das redes. Non existen analíticas completas.
- Presencia de boletíns de incumprimento noutras redes.

O interesado, en vía de reclamación, solicita expresamente:

- Que se verifique o estado do control de abastecemento nas redes indicadas.
- Que se confirme se a ausencia de analíticas responde á falta de controis ou a incidencias na carga de datos.

- Que se informe sobre os incumprimentos detectados e sobre medidas correctoras adoptadas.
- Que, de ser o caso, se indiquen as actuacións de supervisión realizadas polo Concello.
- Que se valore se a situación descrita cumpre cos estándares de calidade de control exixibles para garantir a seguridade no abastecemento.

Cuarto. O 9.4.2026 a Comisión solicitou informe ao Concello de Carballo en relación coa reclamación presentada.

Quinto. O 14.4.2026, o enxeñeiro xefe municipal emitiu novo informe de contestación á reclamación, que foi trasladado a esta Comisión con data do 28.4.2026. No devandito informe, o Concello mantivo a súa posición e engadiu como fundamentos adicionais: a causa de inadmisión por reelaboración da información prevista no artigo 18.1.c da Lei 19/2013; o límite de seguridade pública ao abeiro da Lei 8/2011, do 28 de abril, pola que se establecen medidas para a protección das infraestruturas críticas; e a suficiencia do acceso indirecto ás plataformas oficiais. O Concello alegou ademais que remite regularmente o Plan Sanitario do Abastecemento ao SINAC conforme ao Real Decreto 3/2023, do 10 de xaneiro.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia xeral en materia de reclamacións de acceso a información pública

O artigo 24.1 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (en diante, LTAIP), de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e con carácter previo á súa impugnación en vía contencioso-administrativa.

A disposición adicional cuarta da LTAIP establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas entidades locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

Pola súa banda, o artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (en diante, LTBG), establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante a Comisión da Transparencia, correspondendo a este órgano a súa resolución, de acordo co disposto no artigo 33 da mesma lei.

Segundo. Natureza medioambiental da información solicitada. Competencia da Comisión da Transparencia

A información solicitada polo interesado responde á configuración da información medioambiental, que define o artigo 2.3 da Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente. Polo que aquí nos interesa, o artigo 2.3, letra a), da Lei 27/2006, do 18 de xullo, define a información medioambiental nos seguintes termos:

“Información ambiental: toda información en forma escrita, visual, sonora, electrónica ou en calquera outra forma que verse sobre as seguintes cuestións:

a) O estado dos elementos do ambiente, como o aire e a atmosfera, a auga, o solo, a terra, as paisaxes e espazos naturais, incluídos as zonas húmidas e as zonas mariñas e costeiras, a diversidade biolóxica e os seus compoñentes, incluídos os organismos modificados xeneticamente; e a interacción entre estes elementos.

b) Os factores, tales como substancias, enerxía, ruído, radiacións ou residuos, incluídos os residuos radioactivos, emisións, verteduras e outras

liberacións no medio, que afecten ou poidan afectar os elementos do ambiente citados na alínea a).

c) As medidas, incluídas as medidas administrativas, como políticas, normas, plans, programas, acordos en materia de ambiente e actividades que afecten ou poidan afectar os elementos e factores citados nas alíneas a) e b), así como as actividades ou as medidas destinadas a protexer estes elementos.

(...)”.

Deste xeito, a solicitude de información agora analizada debe cualificarse como unha solicitude de información medioambiental toda vez que se trata de información relativa a unha medida de intervención administrativa que incide directamente no estado das augas, en canto elemento do medio ambiente.

Esta conclusión, mesmo, se reforza se consideramos a amplitude do concepto de información ambiental que emprega o Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas cando aplica as Directivas Europeas 2003/4/CE y 2003/35/CE, das que trae causa a Lei 27/2006, do 18 de xullo. Baste mencionar neste sentido a Sentenza do 17 de xuño de 1998 (asunto 321/96, Mecklenburg), cando o Tribunal afirmou:

«debe recordarse que en el concepto de ‘información sobre medio ambiente’ la letra a) del art. 2 de la Directiva engloba cualquier información relativa al estado de los distintos elementos del medio ambiente que allí se mencionan, así como las actividades o medidas que puedan afectar o proteger el estado de dichos elementos, ‘incluidas las medidas administrativas y los programas de gestión del medio ambiente’. Del tenor literal de esta disposición se deriva que el legislador comunitario pretendió dar a dicho concepto un sentido amplio que abarcara tanto los datos como las actividades referentes al estado de dichos elementos»

Pois ben, a configuración inequívoca da información que solicita o interesado como información medioambiental, esixe considerar o disposto na disposición adicional primeira da LTAIP que, baixo a rúbrica “*Regulacións especiais do dereito de acceso á información pública*”, nos seus números 2 e 3 dispón o seguinte:

“2. Rexeranse pola súa normativa específica, e por esta Lei con carácter supletorio, aquelas materias que teñan previsto un réxime xurídico específico de acceso á información.

3. Neste sentido, esta Lei será de aplicación, no non previsto nas súas respectivas normas reguladoras, ao acceso á información ambiental e á destinada á reutilización”.

Neste sentido cómpre recoñecer que existe un réxime xurídico de acceso á información medioambiental, cal é o previsto na Lei 27/2006, do 18 xullo. Mais a existencia deste réxime xurídico de acceso non exclúe a posibilidade de interpoñer unha reclamación ante esta Comisión, consonte á xurisprudencia sentada na Sentenza do Tribunal Supremo do 10.3.2022, rec. 3382/2020, que, aínda que referida ao acceso á información por parte dos membros das corporación locais, sinalou:

“...esta viabilidade de la reclamación prevista en el artículo 24 de la no es fruto de ninguna técnica de "espiguelo" normativo sino consecuencia directa de las previsiones de la propia Ley de Transparencia y Buen Gobierno, en la que, como hemos visto, se contempla su aplicación supletoria incluso en aquellos ámbitos en los que existe una regulación específica en materia de acceso a la información, y, de otra parte, se establece que la reclamación prevista en la normativa sobre transparencia y buen gobierno sustituye al recurso de alzada allí donde estuviere previsto (lo que no es el caso del ámbito local al que se refiere la presente controversia), dejando en cambio a salvo la posible coexistencia de dicha reclamación con el recurso potestativo de reposición”.

De feito, tras soste inicialmente a súa falta de competencia para coñecer das reclamacións en materia de información medioambiental, a postura actual Consejo de Transparencia y Buen Gobierno, na liña indicada pola xurisprudencia, é favorable á admisión daquelas reclamacións, podendo citarse, por todas, as Resolucións 2209/2024, 79/2025, 1622/2025. Como refire a Resolución do Consejo 2209/2024:

“Esta posibilidad se sitúa, además, en la línea de lo previsto en la Directiva 2003/4/CE del Parlamento Europeo y del Consejo, de 28 de enero, relativa al

acceso del público a la información medioambiental, cuyo artículo 6.1 se refiere a la necesidad de establecer procedimientos de reconsideración de la resolución dictada sobre el acceso y prevé, entre otras opciones, un recurso previo a la vía judicial ante una entidad independiente e imparcial creada por la Ley». En consecuencia, aunque haya sido aplicado en este caso lo dispuesto en la normativa específicamente dictada en relación con la información en materia de medio ambiente, cabe la interposición de la reclamación prevista en el art. 24 LTAIBG”.

Neste mesmo sentido se pronunciaron outros órganos de garantía autonómicos, como a Resolución da Comisión de Garantía del Derecho de Acceso de Cataluña 499/2020, do 23 de setembro, ou a Resolución 229/2025, do 8 de agosto, da Comisión de Transparencia de Castilla y León¹.

Polo tanto, aínda que o réxime aplicable ás solicitudes de información ambiental sexa, en primeira instancia, o previsto na Lei 27/2006, do 18 de xullo, en todo o non previsto nesta norma legal será aplicable a LTAIP, tamén no que atinxe á posibilidade de interposición dunha reclamación ante a Comisión da Transparencia.

Deste xeito, fronte ás resolucións, expresas ou presuntas, relativas a información ambiental, cabe a interposición, con carácter potestativo, dunha reclamación ante esta Comisión.

¹ Indica a Resolución 229/2025, do 8 de agosto, da Comisión de Transparencia de Castilla y León:

“Por lo que se refiere a la aplicación supletoria de la LTAIBG en lo concerniente a la tramitación de las reclamaciones contra las denegaciones de acceso a la información ambiental por los organismos independientes de transparencia, esta opción ha sido defendida por entender que la reclamación ante el CTBG es un aspecto no regulado en la Ley 27/2006, de 18 de julio, y en este sentido puede argumentarse que, aun cuando la citada norma legal sí regula en su artículo 20 los mecanismos de tutela del derecho de acceso a la información ambiental remitiendo al sistema general de recursos administrativos y al recurso contencioso administrativo, no incluye una auténtica garantía precontenciosa ante un organismo independiente como sí hace la LTAIBG”.

Terceiro. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada LTBG establece que o procedemento de reclamación se axustará ao previsto nos números 2, 3, e 4 do artigo 24 da LTAIP.

Neste punto é importante considerar que o artigo 23.1 da LTAIP establece que as reclamacións en materia de acceso á información pública terán a consideración de substitutivas dos recursos administrativos, para os efectos do disposto no vixente artigo 112.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas (en diante, LPAC). Segundo este artigo 112.2 da LPAC:

“As leis poderán substituír o recurso de alzada, en supostos ou ámbitos sectoriais determinados, e cando a especificidade da materia así o xustifique, por outros procedementos de impugnación, reclamación, conciliación, mediación e arbitraje, ante órganos colexiados ou Comisións específicas non sometidas a instrucións xerárquicas, con respecto aos principios, garantías e prazos que a presente Lei recoñece ás persoas e aos interesados en todo procedemento administrativo”.

A configuración legal das reclamacións en materia de acceso á información pública coma un recurso substitutivo do recurso de alzada, de carácter potestativo, así coma o teor do artigo 112.2 *in fine* da LPAC, determinan xa a aplicación das previsións da LPAC en materia de recursos administrativos ao procedemento destas reclamacións. Así se establece, de feito, no artigo 24.3 da LTAIP, segundo o cal “A tramitación da reclamación axustarase ao disposto en materia de recursos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común”².

² A referencia á Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, hoxe derogada, debe entenderse realizada á LPAC.

Cuarto. Prazo para a interposición da reclamación

O artigo 24.2 da LTAIP prevé como *“A reclamación interporase no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio administrativo”*, debendo considerarse neste punto que, de acordo co artigo 20.4 da mesma lei, para o caso de falta de resolución das solicitudes en prazo, estas se entenderán desestimadas.

Respecto da aplicación supletoria do disposto no artigo 20.4 da LTAIP ás solicitudes de información medioambiental realizadas ao amparo da Lei 27/2006, do 18 de xullo, que non prevé o sentido do silencio, se pronunciou o Tribunal Supremo nas Sentenzas do 9.1.2023, rec. 1509/2022, e do 22.6.2022, rec. 1814/2022, ao sinalar como *“el silencio de la Administración ante una solicitud de información medioambiental realizada al amparo de la Ley 27/2006, formulada tras la entrada en vigor de la Ley 19/2013, debe ser interpretado en sentido negativo”*.

Así mesmo, as previsións do artigo 24.2 da LTAIP han de entenderse moduladas, no que atinxe ao prazo para a interposición da reclamación no caso de desestimación presunta da solicitude, polo previsto no artigo 122.1 da LPAC que, ao regular o prazo para a interposición do recurso de alzada, establece que *“Se o acto non fora expreso o solicitante e outros posibles interesados podrán interpoñer recurso de alzada en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produzan os efectos do silencio administrativo”*. Respecto á inexistencia dun prazo preclusivo para reclamar contra as desestimacións presuntas en materia de acceso, tamén se pronunciou o Consejo de Transparencia y Buen Gobierno no Criterio interpretativo 1/2016.

Segundo resulta da documentación que consta no expediente, a reclamación foi presentada en tempo e forma fronte a un acto expreso do Concello de Carballo (a solicitude de acceso foi presentada o 23.3.2026. O Concello contestou expresamente o 26.3.2026 e a reclamación foi interposta o 31.3.2026).

Quinto. O dereito de acceso á información pública (non necesidade de motivación)

A Constitución española establece no seu artigo 105 b) que a lei regulará o acceso da cidadanía aos arquivos e rexistros administrativos, salvo no que afecte á seguridade e defensa do Estado, á pescuda dos delitos e á intimidade das persoas.

A este respecto a Sentenza do Tribunal Constitucional 164/2021, do 4 de outubro, indicou como este precepto non recolle unicamente un principio reitor da actuación das Administracións públicas, senón un auténtico dereito público subxectivo exercitable fronte a aquelas. Sinalou así a precitada sentenza:

«El art. 105 b) CE, encuadrado en el título IV, "Del Gobierno y de la Administración", incorpora un principio objetivo rector de la actuación de las administraciones públicas (art. 103.1 CE), derivado de exigencias de democracia y transparencia, así como un derecho subjetivo de las personas, ejercitable frente a las administraciones, con sujetos, objeto y límites definidos en el propio precepto constitucional, que fue desarrollado inicialmente en los arts. 35 h) y 37 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de régimen jurídico de las administraciones públicas y del procedimiento administrativo común, y actualmente en la Ley 19/2013, de 9 de diciembre, de transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno.

(...)

A la vista de lo expuesto, debe señalarse que el acceso a la información integra el contenido de un derecho público subjetivo ejercitable frente a la administración que, no siendo absoluto, solo puede ser limitado por motivos predeterminados en la ley, en virtud de una previa ponderación de los intereses en juego. De este modo, la posibilidad de limitar el acceso a la información no constituye una potestad discrecional de la administración».

No mesmo sentido pronunciouse o Tribunal Supremo nas Sentenzas do 7.2.2023, rec. 8005/2021, e do 21.4.2023, rec. 350/2022, salientando tamén este Tribunal nas Sentenzas do 29.5.2024, rec. 1262/2023, e do 11.9.2025, rec. 7878/2024, a estreita relación do dereito de acceso á información pública coa transparencia na actuación administrativa e co principio de boa administración recollido no artigo 41 da Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea.

Tratándose, xa que logo, o dereito de acceso dun auténtico dereito subxectivo da cidadanía fronte ás Administracións públicas, o artigo 13 d) da LPAC recolleu, coma un dereito das persoas nas súas relacións con elas, *“o dereito de acceso á información pública, arquivos e rexistros, de acordo co previsto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e o resto do ordenamento xurídico”*.

Como sinala a exposición de motivos da LTAIP, o acceso á información pública debe ser un dos eixos fundamentais da acción política pois *“só cando a acción dos responsables públicos se somete a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións poderemos falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos”*.

Neste sentido o dereito de acceso á información pública vén atribuído a todas as persoas (artigos 12 da LTAIP e 24.1 da LTBG), sen que estas teñan a obriga de motivar a súa solicitude de acceso á información (artigos 17.3 da LTAIP e 26.4 da LTBG).

E, respecto do que ha de entenderse por *“información pública”* o artigo 24.1 da LTBG, seguindo o disposto no artigo 13 da LTAIP, a define coma os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que obren en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación da presente lei e que foran elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, engadindo que tamén se considerará información pública, a producida polas entidades que presten servizos públicos ou exerzan potestades administrativas, nos termos contemplados no artigo 4 da lei.

Deste xeito, a normativa de transparencia delimita o ámbito material do dereito a partir dun concepto amplo de información, que abrangue tanto documentos coma contidos específicos e se estende a todo tipo “*formato ou soporte*”. Ao mesmo tempo, acouta o seu alcance, esixindo a concorrencia de dous requisitos que determinan a natureza “*pública*” da información, cales son: a) que se atopen “*en poder*” dalgún dos suxeitos obrigados, e b) que fosen elaboradas ou obtidas “*no exercicio das súas funcións*”.

A amplitude no recoñecemento legal do dereito de acceso foi tamén recoñecida na Sentenza do Tribunal Supremo do 16.10.2017, rec. 75/2017, segundo a cal:

“en la Ley 19/2013 queda reconocido el derecho de acceso a la información pública como un auténtico derecho público subjetivo, al establecer que “Todas las personas tienen derecho a acceder a la información pública, en los términos previstos en el artículo 105.b) de la Constitución Española, desarrollados por esta Ley”(artículo 12); que la Exposición de Motivos de la Ley configura de forma amplia ese derecho de acceso a la información pública, del que son titulares todas las personas, y que podrá ejercerse sin necesidad de motivar la solicitud; que este derecho solamente se verá limitado en aquellos casos en que así sea necesario por la propia naturaleza de la información -derivado de lo dispuesto en la Constitución Española- o por su entrada en conflicto con otros intereses protegidos; y, en fin, que, en todo caso, los límites previstos se aplicarán atendiendo a un test de daño (del interés que se salvaguarda con el límite) y de interés público en la divulgación (que en el caso concreto no prevalezca el interés público en la divulgación de la información) y de forma proporcionada y limitada por su objeto y finalidad”.

Sexto. Análise do expediente

6.1 Consideracións previas: corrección da contestación do Concello á solicitude de acceso. Concreción do obxecto da reclamación

Con carácter previo á análise dos fundamentos invocados polo Concello de Carballo para denegar o acceso solicitado, cómpre precisar que a comunicación remitida ao

interesado o 26.3.2026 non reúne os requisitos formais esixibles a unha resolución expresa dun procedemento de acceso á información pública.

En efecto, o documento remitido carece de parte dispositiva formal, non identifica o órgano competente para resolver, non incorpora número de resolución ou decreto e tampouco contén indicación dos recursos procedentes nin dos prazos para a súa interposición.

Con todo, estas deficiencias formais non produciron indefensión material nin impediron o exercicio efectivo do dereito de impugnación do interesado. Así o acredita o feito de que este puido coñecer as razóns que fundamentaban a negativa municipal e formular fronte a elas a correspondente reclamación ante esta Comisión da Transparencia. En consecuencia, procede entrar a coñecer do fondo do asunto para determinar se as causas invocadas polo Concello atopan amparo no ordenamento xurídico aplicable.

No que atinxe ao **obxecto da reclamación instada polo interesado**, a solicitude de acceso á información pública presentada polo interesado ante o Concello de Carballo tiña por obxecto obter información xeral e específica sobre os sistemas municipais de abastecemento, potabilización e depuración de augas: os mecanismos de control do seu funcionamento, a entidade xestora dos servizos e as actuacións de dixitalización realizadas nos dous últimos anos.

En resposta á solicitude, o Concello remitiu o interesado a enlaces web do Ministerio de Sanidade e da entidade Augas de Galicia.

Unha vez consultados os enlaces web facilitados polo Concello, o interesado formulou a reclamación agora examinada. O obxecto da súa reclamación abrangue peticións que poden ser clasificadas en dúas categorías:

a) Peticións de acceso a información existente, que se encadran no eido propio do dereito de acceso á información pública:

- Información sobre os incumprimentos dos parámetros de control detectados e as medidas correctoras adoptadas.

- Información sobre as actuacións de supervisión realizadas polo organismo competente.
- Documentación existente relativa aos controis efectuados nas redes de abastecemento.

b) Peticións que exceden do dereito de acceso, por requiriren actuacións materiais, verificacións técnicas ou emisión de xuízos valorativos por parte da Administración:

- Verificación do estado real do control do abastecemento nas redes identificadas.
- Determinación das causas polas que non constan analíticas rexistradas desde 2020 nunha das redes.
- Valoración sobre se a situación descrita resulta compatible cos estándares de control exixibles para garantir a seguridade do abastecemento.

Estas últimas non constitúen solicitudes de acceso a información existente, senón pretensións de que a Administración realice actuacións inspectoras, verificadoras ou de avaliación técnica, que resultan alleas ao contido do dereito recoñecido pola normativa de transparencia.

En consecuencia, a análise das causas de inadmisión invocadas polo Concello de Carballo debe circunscribirse exclusivamente ás peticións identificadas no apartado a), isto é, á información sobre os controis efectuados nas redes de abastecemento, resultados dos controis e medidas correctoras adoptadas.

6.2 Análise das causas de inadmisión invocadas polo Concello de Carballo

6.2.1. Invocación da Lei 8/2011, de protección de infraestruturas críticas. Deber de confidencialidade de datos sobre infraestruturas estratéxicas

O Concello invoca a Lei 8/2011, do 28 de abril, pola que se establecen medidas para a protección das infraestruturas críticas, para xustificar a confidencialidade de toda a

información relativa aos sistemas de abastecemento e depuración. Esta invocación non resulta procedente no contexto da petición acoutada polo interesado.

A Lei 8/2011 non establece un réxime de confidencialidade xeral e automático sobre toda a información relativa ao sector da auga. A obriga de confidencialidade do seu artigo 15.2 refírese especificamente aos datos sobre infraestruturas estratéxicas incluídas nos plans de protección derivados da Lei e non a calquera información xenérica de funcionamento ou control do servizo.

Neste contexto, a petición acoutada do interesado na reclamación non inclúe a solicitude de localización de infraestruturas, de datos de configuración técnica das redes nin de información sobre vulnerabilidades dos sistemas. Refírese exclusivamente ao estado do control analítico da calidade da auga e aos incumprimentos rexistrados. Este tipo de información non presenta, por si mesma, un risco identificable para a seguridade das instalacións, polo que o límite do artigo 14 da Lei 19/2013 (seguridade pública) non concorre respecto da petición tal como está formulada na reclamación.

A información solicitada polo interesado (datos de control analítico da calidade da auga, rexistro de incumprimentos dos parámetros de control e medidas correctoras adoptadas) ten unha natureza dobre que reforza a obriga de facilitala:

- En primeiro lugar, trátase de información ambiental no sentido do artigo 2.3, letras a) e b), da Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente, ao afectar directamente ao estado dun elemento do medio ambiente como é a auga e aos factores, substancias e medidas administrativas que inciden na súa calidade.
- En segundo lugar, e de forma complementaria, constitúe información de relevancia sanitaria e de xestión pública sometida ao réxime de transparencia activa obrigatoria establecido no Real Decreto 3/2023, do 10 de xaneiro, polo que se establecen os criterios técnico-sanitarios da calidade da auga de consumo, o seu control e subministro.

O artigo 63 do Real Decreto 3/2023, do 10 de xaneiro establece un réxime de publicidade activa de aplicación directa ás administracións locais xestoras do abastecemento. En concreto, impón que a administración local, no marco das súas competencias, porá á disposición da cidadanía de forma accesible información adecuada e actualizada sobre o cumprimento do real decreto; información entre a que se atopa, sen dúbida, a relativa aos controis analíticos e incidencias das redes de abastecemento.

Conforme ao disposto no artigo 63 do RD 3/2023 pode concluírse que a información sobre resultados analíticos, incumprimentos e medidas correctoras das redes de abastecemento non só é accesible ao abeiro da normativa de transparencia, senón que constitúe información de publicidade activa obrigatoria, que o Concello está legalmente obrigado a xerar, rexistrar e difundir de forma sistemática e proactiva.

No suposto agora examinado, o propio Concello acredita no seu informe a remisión en tempo e forma do Plan Sanitario do Abastecemento ao Sistema de Información Nacional de Auga de Consumo (SINAC). Este feito confirma a existencia da información solicitada polo interesado.

A maior abastanza, de acordo co establecido no artigo 62.4 do RD 3/2023, do 10 de xaneiro, os concellos (entre outros axentes obrigados á remisión de datos) son os responsables da actualización e veracidade dos datos cargados no SINAC.

6.2.2. Suficiencia do acceso indirecto ás plataformas oficiais

O Concello alegou ademais que a información solicitada xa estaba dispoñible nas plataformas do Ministerio de Sanidade (SINAC) e de Augas de Galicia, polo que non procedía facilitar datos adicionais.

Debe remarcarse que non constitúe unha resposta xurídica suficiente a remisión xenérica efectuada polo Concello ás webs do Ministerio de Sanidade e de Augas de Galicia. Isto é así porque a mera indicación de fontes de acceso xeral non garante que a información concreta solicitada se atope dispoñible e actualizada nesas fontes, nin exime ao Concello de comprobar que a información presente nestas plataformas é efectivamente completa e correcta.

De feito, no suposto agora examinado, o propio interesado constatou que nos enlaces facilitados non se recolle a información completa á que solicita o acceso. Este feito determina que se deba facilitar ao interesado a información solicitada que non fose obxecto de publicidade completa nos enlaces facilitados.

6.2.3. Motivación da solicitude e finalidade comercial

Nos informes do Concello remárcase que o solicitante da información é unha empresa privada dedicada á venda de equipamento para tratamento de augas, como reforzo da inadmisión do acceso daquela información que non estivese publicada nos enlaces web facilitados.

Ao respecto debe indicarse que tal e como indicou a Sentenza do Tribunal Supremo do 12.12.2020, rec. 5239/2019, tomando en consideración o disposto no Convenio do Consejo de Europa sobre o acceso a documentos públicos do 18 de xuño de 2009 (ratificado polo Estado español o 21.11.2021) e no artigo 17.3 da LTAIP, “la expresión en una solicitud de una justificación basada en intereses ´meramente privados´[...] tampoco puede por si sola ser causa de rechazo de la solicitud, salvo que concurran otras circunstancias como, por ejemplo, el carácter abusivo de la solicitud no justificado con la finalidad de transparencia de la ley”. Desta circunstancia tira o Tribunal a consecuencia de que “entre las causas de inadmisión del artículo 18, entre las mismas no se incluye la persecución de un interés meramente privado” e isto porque, como recoñeceu o CTBG, entre outras, na Resolución 1187/2023 , a existencia dun interese particular do solicitante resulta compatible coa finalidade de escrutinio da actuación dos poderes públicos.

6.2.4. Reelaboración da información como causa de inadmisión

O Concello sinala como causa de inadmisión da información non publicada a *complexidade da información solicitada, o que implica reelaboración da mesma*.

Con carácter previo á análise da concorrencia no suposto agora examinado da causa de inadmisión invocada cómpre lembrar as exixencias que para a súa apreciación fixan a normativa, a xurisprudencia e a doutrina.

Segundo o disposto no artigo 18.1, c) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (LTAIP):

*“Inadmitiranse a trámite, **mediante resolución motivada**, as solicitudes:*

c) Relativas a información para cuxa divulgación sexa precisa unha acción previa de reelaboración.

(...)

A Sentenza do Tribunal Supremo do 16.10.2017, rec. 75/2017, analizou a regulación das causas de inadmisión das solicitudes de acceso recollidas no artigo 18.1 da LTAIP, xunto coa regulación dos límites recollidos no artigo 14 da mesma lei, sinalando, polo que aquí nos interesa, o seguinte:

“La formulación amplia en el reconocimiento y en la regulación legal del derecho de acceso a la información obliga a interpretar de forma estricta, cuando no restrictiva, tanto las limitaciones a ese derecho que se contemplan en el artículo 14.1 de la Ley 19/2013 como las causas de inadmisión de solicitudes de información que aparecen enumeradas en el artículo 18.1, sin que quepa aceptar limitaciones que supongan un menoscabo injustificado y desproporcionado del derecho de acceso a la información.

Por ello, la causa de inadmisión de las solicitudes de información que se contempla en el artículo 18.1.c) de la Ley 19/2013, de 9 de diciembre, no opera cuando quien invoca tal causa de inadmisión no justifique de manera clara y suficiente que resulte necesario ese tratamiento previo o reelaboración de la información.

Asimismo, la posibilidad de limitar el derecho de acceso a la información no constituye una potestad discrecional de la Administración o entidad a la que se solicita información, pues aquél es un derecho reconocido de forma amplia y que sólo puede ser limitado en los casos y en los términos previstos en la Ley ... “.

Polo tanto, a inadmisión das solicitudes de acceso esixe cumprir cos seguintes requisitos: i) a inadmisión ha de basearse nalgunha das causas establecidas, con

carácter *numerus clausus*, na LTAIP; ii) as causas de inadmisión deben ser interpretadas restritivamente, dado o amplo recoñecemento do dereito de acceso; iii) quen invoca a causa de inadmisión ten a carga de xustificar de xeito claro e suficiente a súa concorrencia.

Respecto deste último requisito, relativo á motivación, cómpre lembrar que o artigo 18.1 da LTAIP xa esixe que a inadmisión das solicitudes de acceso teña lugar mediante “resolución motivada”. Ademais, como salientou a Sentenza do Tribunal Supremo do 11.6.2020, rec. 577/2019, tal motivación esixe unha “justificación expresa y detallada que permita controlar la veracidad y proporcionalidad de la restricción establecida”.

Doutrina do CTBG e xurisprudencia sobre o concepto de reelaboración

A interpretación da reelaboración como causa de inadmisión foi realizada dun xeito temperá polo CTBG no seu Criterio interpretativo 7/2015, do 12 de novembro, que descartou identificar o concepto de reelaboración coa mera suma ou agregación de datos, sen un tratamento mínimo daqueles pois, en caso contrario, argumenta o CTBG, o dereito de acceso á información pública pasaría a configurarse como o dereito ao dato ou a un documento.

Pola contra, considerou o CTBG que pode apreciarse a necesidade de reelaboración nunha solicitude cando a información que se solicita se refira ao mesmo ámbito funcional ou de actuación dun organismo e esixa:

- Elaborarse expresamente para dar unha resposta, debendo empregar varias fontes de información.
- Cando o organismo careza dos medios técnicos necesarios para extraer e explotar a información concreta que se solicita, resultando imposible facilitala.

Á súa vez, o CTBG, á hora de delimitar o concepto de reelaboración, tamén deslindou no Criterio 7/2015, esta causa de inadmisión do suposto de “*información voluminosa*”, sinalando o seguinte:

“... la solicitud de "información voluminosa", que aparece recogida en el artículo 20.1. En este caso, se trata de información cuyo "volumen o complejidad" hace necesario un proceso específico de trabajo o de manipulación para suministrarla al solicitante.

En este caso no se estaría ante un supuesto de reelaboración, por lo que tampoco sería un caso de inadmisión de la solicitud sino de ampliación del plazo para resolver. En este sentido se pronuncia el artículo 20.1, párrafo 2 que dice textualmente "Este plazo (1 mes) podrá ampliarse por otro mes en el caso de que el volumen o la complejidad de la información que se solicita así lo hagan necesario y previa notificación al solicitante".

No obstante, sí puede tenerse en cuenta el elevado volumen de la información objeto de solicitud cuando ello suponga que, atendiendo también al alcance y objeto concreto de lo solicitado así como los medios disponibles, se incurra en algunas de las circunstancias o supuestos que, a juicio de este Consejo de Transparencia, impliquen que estemos. ante un supuesto de reelaboración”.

Pola súa banda, a xurisprudencia do Tribunal Supremo avalou os distintos parámetros fixados polo CTBG para apreciar a causa de inadmisión da reelaboración.

Neste sentido a Sentenza do Tribunal Supremo do 3.3.2020, rec. 600/2018, concorda co manifestado co CTBG ao entender que a mera agregación de datos non pode entenderse como reelaboración, introducindo así a distinción entre unha “*reelaboración básica*” que, a xuízo do Tribunal, non debería comportar, en liña de principio, a inadmisión dunha solicitude de acceso, e unha “*reelaboración compleja*”, que pode deberse a varias causas, entre elas que a información non conste na súa integridade no órgano ao que se solicita a información e que si habilitaría á inadmisión da solicitude. Como sinala a referida sentenza:

“Ciertamente, el suministro de información pública, a quien ha ejercitado su derecho al acceso, puede comprender una cierta reelaboración, teniendo en cuenta los documentos o los datos existentes en el órgano administrativo. Ahora bien, este tipo de reelaboración básica o general, como es natural, no siempre

integra, en cualquier caso, la causa de inadmisión prevista en el artículo 18.1.c) de la Ley 19/2013.

La acción previa de reelaboración, por tanto, en la medida que a su concurrencia se anuda una severa consecuencia como es la inadmisión a trámite de la correspondiente solicitud, precisa que tales datos y documentos tenga un carácter complejo, que puede deberse a varias causas, pero que, por lo que ahora importa, se trata de una documentación en la que su procedencia no se encuentra en su totalidad en el propio órgano al que se solicita, pues parte de tal información corresponde y se encuentra en la Casa Real, con el añadido de que parte de tal información se encuentra clasificada, según la Ley 9/1968, de 5 de abril, sobre Secretos Oficiales, modificada por Ley 48/1978. Además del extenso límite temporal de la información solicitada de los vuelos militares desde 1976”.

Pola súa banda, a Sentenza do Tribunal Supremo do 25.3.2021, rec. 2578/2020, seguindo a mesma liña, referendou, como un criterio para valorar se existe, ou non, reelaboración, a existencia dunha ou varias fontes de información, entendendo que a circunstancia de que a información solicitada se atope na súa totalidade no órgano ao que se solicita opera, en liña de principio, en contra da apreciación da causa de inadmisión. Como refire a precitada sentenza:

“En el caso al que se refiere este recurso de casación, no puede apreciarse la existencia de una acción previa de reelaboración, y menos de cierta complejidad, pues a diferencia del supuesto examinado en la sentencia que acabamos de citar, la información a la que se refiere la solicitud de acceso no se encuentra dispersa y diseminada, sino toda ella se encuentra unificada en el mismo departamento ministerial y en el mismo registro, que se identifica en la misma solicitud de acceso, el Registro de inspecciones de puentes de ferrocarril [...]”.

Así mesmo, e en relación coa carencia de medios técnicos e persoais para extraer e explotar a información solicitada, como elemento determinante de reelaboración, se pronunciou a Sentenza da Audiencia Nacional do 7.10.2025, rec. 74/2024:

“Ahora bien, la información solicitada por la parte actora -número de sanciones impuestas en 2019 por facturas falsas en diversas Delegaciones de la AEAT, con desglose de importes cobrados, incobrables y pendientes- exige una labor que excede claramente el derecho a información pública ya existente. La información requerida no está directamente accesible ni se encuentra parametrizada informáticamente ni disponible de forma directa en los sistemas informáticos de la AEAT. Su obtención requeriría identificar manualmente expedientes sancionadores dispersos en múltiples unidades administrativas, analizar cada uno para determinar si la infracción se refiere a facturación falsa, valorar el grado de falsedad y extraer los importes correspondientes. Esta tarea no se limita a localizar documentos existentes, sino que exige una actividad intelectual y técnica de análisis, clasificación y síntesis que constituye una auténtica elaboración de nueva información, no disponible en el momento de la solicitud.

En consecuencia, la petición incurre en el supuesto de inadmisión previsto en el artículo 18.1.c) LTyBG, al requerir una acción previa de reelaboración que no puede considerarse como un simple tratamiento o localización de datos”.

Aplicación ao suposto examinado

Atendendo ao que vén de sinalarse, é preciso xa indicar que, no suposto que agora nos ocupa, a necesidade de reelaborar a información solicitada non foi xustificada nin minimamente polo Concello, que ademais indica que a información non susceptible de constituír reelaboración xa foi facilitada coa remisión aos enlaces web pertinentes.

Porén, o propio Concello acredita no seu informe que remite regularmente o Plan Sanitario do Abastecemento ao SINAC en cumprimento do artigo 23 do Real Decreto 3/2023, do 10 de xaneiro, o que confirma que a información sobre controis e incidencias existe e obra no seu poder. A negativa a facilitar a citada información ao interesado non pode fundarse na súa inexistencia nin na necesidade de reelaboración, toda vez que debe constar sistematizada para o seu envío ao SINAC.

6.3. Conclusión: estimación parcial da reclamación e retroacción das actuacións

Así as cousas, cabe estimar parcialmente a reclamación do interesado. Agora ben, esta estimación non pode comportar, sen máis, o recoñecemento do dereito de acceso en bloque por parte do interesado pois, a xuízo desta Comisión, non pode desbotarse a eventual necesidade dun labor de reelaboración de parte da información solicitada.

A estimación parcial da reclamación obriga a retrotraer o procedemento co fin de que polo Concello se dite unha nova resolución na que se analice información que solicita na reclamación o interesado, co fin de determinar e, de ser o caso, motivar suficientemente, a eventual concorrencia da causa de inadmisión establecida no artigo 18.1 c) da LTAIP.

Na resolución que dite a Administración municipal haberá de motivarse, de forma detallada e con concreción ao caso concreto, a necesidade dunha reelaboración nos termos esixidos pola xurisprudencia e o CTBG para sustentar a inadmisión da solicitudes de acceso con referencia a parámetros ou elementos obxectivos.

Asemade, se a información solicitada xa foi publicada, a resolución podería limitarse a indicar ao solicitante como pode acceder á información (art. 22 da LTAIP), se ben o Concello debe facilitar o enlace á documentación solicitada.

A resolución que finalmente se dite deberá formalizarse co ofrecemento de todas as garantías propias do procedemento de acceso á información pública, entre as que se atopa a interposición, con carácter potestativo, dunha reclamación ante esta Comisión.

Con base nos feitos e fundamentos xurídicos anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia, por unanimidade dos seus membros,

A C O R D A

Primeiro: Estimar parcialmente a reclamación de acceso a información pública presentada por -----, respecto da solicitude instada ante o Concello de Carballo con data do 23.3.2026, nos termos recollidos nesta resolución.

Segundo: Ordenar a retroacción das actuacións co fin que polo Concello de Carballo se leven a cabo as actuacións indicadas no corpo desta resolución e, posteriormente, se dite polo Concello unha nova resolución que dea acceso á información solicitada nos termos que veñen de indicarse, respectando as previsións contidas nos artigos 14 e ss. da LTAIP, e do artigo 22 da mesma lei no que atinxe á formalización do acceso.

Terceiro: Instar ao Concello de Carballo co fin de que, unha vez ditada pertinente resolución, remita a esta Comisión da Transparencia unha copia da resolución notificada á persoa reclamante.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación desta resolución, ante a Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

-----, na data da sinatura.

Presidente da Comisión da Transparencia.